



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, Presenta a seguinte **PREGUNTA PARA RESPONSA POR ESCRITO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén dubida da importancia e de valor histórico e cultural que ten o arquivo en cuestión, tamén para o nacionalismo, pola relevancia dos persoeiros que ao longo de anos deixaron a súa impronta en numerosos artigos do xornal.

O que resulta anormal é o procedemento utilizado para tal fin. Un procedemento oscurantista agochado nun expediente de modificación de créditos, o 1/2017, aprobado polo Pleno da corporación provincial en xaneiro de 2017. A pesares das reiteradas preguntas polos grupos da oposición, a respecto de cal era a finalidade desa aplicación orzamentaria, cuxo epígrafe era excesivamente ambigüo: proxectos complexos.Cultura, nin polo Presidente da deputación, nin polo responsábel de cultura se nos deu a máis mínima información ao respecto. Resulta intolerábel que quen se erixe, día sí día tamén, en paradigma da transparencia oculte cal era a finalidade que agochaba a partida en cuestión.

Por todo o anterior, queremos preguntar:

cales van ser, no caso hipotético de que os haxa, os trámites a seguir na Institución unha vez asinado o convenio polas partes?

cales son as condicións do acordo ?

quen ou quenes van dixitalizar os fondos cedidos, e que custo terá o mantemento do mesmo unha vez dixitalizado ?.

houbo taxación independente, ou é simplemente unha valoración de parte ?

quen terá a propiedade do material físico ?

onde se ten pensado albergar o arquivo ?

Ourense, 30 de maio de 2017

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE